

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E ABANCA PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

En Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, **D., xerente da Axencia de Turismo de Galicia**, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos.

E doutra, D., en nome e representación de **ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA**, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº2, na súa calidade de Director de Negocio Institucional en Galicia, España Norte y Portugal.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

En virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, ten ao seu cargo o impulso e

execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando dita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega, e en xeral, a realización das actividades necesarias para unha mellor promoción da oferta turística da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas .

TERCEIRO.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A estes efectos, a Axencia Turismo de Galicia prevé a sinatura anual de convenios de colaboración coas entidades organizadoras das festas de carácter nacional e internacional e, no seu caso, a convocatoria dunha liña de axudas para as festas declaradas de interese turístico de Galicia.

Por todo o exposto, as partes formalizan este convenio marco de colaboración, atendendo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O Convenio Marco ten como finalidade articular a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e ABANCA para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.- Mecanismo de colaboración

ABANCA, a través dos instrumentos de execución que se establecen neste Convenio Marco, comprométese a contribuír ao desenvolvemento das festas de interese turístico mediante a realización dunha achega económica en concepto de patrocinio, ás entidades públicas ou privadas promotoras das festas.

ABANCA anualmente comunicará á Axencia Turismo de Galicia aquelas festas de interese turístico nas que ten previsto participar como patrocinador e a súa contía.

As festas de carácter internacional, nacional e de Galicia establécense nos Anexos I, II e III deste Convenio Marco, e actualizaranse, sen necesidade de modificar de xeito expreso o convenio asinado, coas novas declaracións de festas de interese turístico. A Axencia Turismo de Galicia comunicará as novas declaracións á ABANCA, unha vez que estas se produzan.

Manifestada esta intención e, coa conformidade da entidade organizadora, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- a) Nos casos das festas de interese turístico nacional e internacional, tramitar os instrumentos xurídicos que correspondan entre as tres partes: a Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e as entidades organizadoras das festas de interese turístico, nos que se articulen as obrigas e as cantidades a achegar pola Axencia Turismo de Galicia e ABANCA.
- b) No caso das festas declaradas de interese turístico de ámbito autonómico, Turismo de Galicia comprométese a tramitar os instrumentos xurídicos correspondentes entre as tres partes, sen que neste caso, a Axencia Turismo de Galicia, teña que achegar cantidade

a maiores que a que corresponda á entidade organizadora pola resolución de concesión de subvencións que convoque a citada Axencia Turismo de Galicia.

Terceira.- Contido mínimo dos instrumentos xurídicos

Nos instrumentos de execución que se tramiten, recolleranse os compromisos asumidos por todas as partes e en especial, as obrigas das entidades organizadoras en relación coas contraprestacións publicitarias que, a favor de ABANCA, se determinen como patrocinador das devanditas festas, incorporándose o seu distintivo corporativo nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia .

A achega de ABANCA será abonada directamente por esta á entidade organizadora, unha vez que remitan o detalle dos soportes publicitarios, en todo caso antes do 31 de decembro do ano natural no que se desenvolva a actuación patrocinada.

Cuarta.- Difusión da colaboración.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a difundir durante a vixencia do convenio marco, a participación de ABANCA como patrocinador das festas de Interese Turístico de Galicia, a través de calquera medio de comunicación no que a Axencia dea publicidade a estas, así como a través da inclusión do logotipo ou outros signos distintivos corporativos que ABANCA lle facilite á Axencia a tales efectos nos carteis e demais materiais destinados á promoción das devanditas festas, sen prexuízo doutras accións de difusión que puidera establecer a Axencia.

Ase mesmo, a Axencia Turismo de Galicia facilitará aos concellos o logotipo, imaxe ou signo distintivo corporativo de ABANCA que esta á súa vez lle facilitara á Axencia a tales efectos.

A Axencia Turismo de Galicia non difundirá, no ámbito deste convenio marco e por calquera medio, marcas ou distintivos de entidades financeiras e aseguradoras distintas de ABANCA.

Quinta - Comisión de Seguimento

Constituirase de mutuo acordo unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes, á que corresponderá velar polo correcto desenvolvemento e execución do disposto neste Convenio marco, así como impulsar a adopción

das medidas e accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos comúns perseguidos polas partes.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Impulso e seguimento da execución do convenio.
- b) Resolución das incidencias e controversias que poidan xurdir sobre a interpretación e a execución do Convenio Marco .
- c) Supervisión do cumprimento das condicións de patrocinio

A propia Comisión, unha vez constituída, decidirá o seu réxime de reunións e de adopción válida de acordos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Modificación e resolución

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Sétima.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o previsto para os convenios de colaboración na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Oitava.- Vixencia

O Convenio Marco entrará en vigor na data da súa firma e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026. Con todo, ao termo da súa vixencia, o Convenio Marco poderase prorrogar mediante acordo expreso por ambas as partes, por outro período de dous anos.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan este convenio na data do encabezado

Pola Axencia Turismo de Galicia

Por ABANCA

Anexo I Festas de Interese Turístico Internacional

PROVINCIA	CONCELLO	NOME	LOCALIZACIÓN	PUBLICACIÓN BOE	DECLARACIÓN ESTATAL
A CORUÑA					
1	ORTIGUEIRA	FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA	ORTIGUEIRA	28/04/2005	17/03/2005
2	SANTIAGO DE COMPOSTELA	FESTIVIDADE DE SANTIAGO APÓSTOLO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	26/09/2001	20/08/2001
3	FERROL	SEMANA SANTA	FERROL	24/01/2014	14/01/2014
4	A CORUÑA	FOGUEIRAS DE SAN XOÁN	A CORUÑA	21/05/2015	07/05/2015
LUGO					
5	VIVEIRO	SEMANA SANTA	VIVEIRO	29/04/2013	26/04/2013
6	LUGO	ARDE LUCUS	LUGO	23/03/2023	13/03/2023
PONTEVEDRA					
7	A ESTRADA	A RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO	SAN LORENZO DE SABUCEDO	24/07/2007	21/06/2007
8	CATOIRA	ROMARÍA VIKINGA	CATOIRA	18/11/2002	04/10/2002
9	PONTEAREAS	CORPUS CHRISTI	PONTEAREAS	30/06/2009	08/06/2009
10	BAIONA	FESTA DA ARRIBADA DA CARABELA PINTA A BAIONA	BAIONA	10/11/2015	27/10/2015
11	CAMBADOS	FESTA DO VIÑO ALBARIÑO	CAMBADOS	15/09/2018	31/08/2018
12	LALÍN	FESTA DO COCIDO	LALÍN	11/02/2020	16/01/2020
13	ARBO	FESTA DA LAMPREA	ARBO	02/02/2023	16/01/2023
OURENSE					
14	XINZO DE LIMIA	ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA	XINZO DE LIMIA	12/02/2019	14/01/2019
15	O CARBALLIÑO	FESTA DO PULPO	O CARBALLIÑO	20/07/2022	04/07/2022

Anexo II Festas de Interese Turístico Nacional

PROVINCIA	CONCELLO	NOME	LOCALIZACIÓN	PUBLICACIÓN BOE	DECLARACIÓN ESTATAL
A CORUÑA					
1	MUXÍA	ROMARÍA DE NOSA SEÑORA DA BARCA	MUXÍA	16/11/1989	27/10/1989
2	MUROS	GRAN PRIX DE CARRILANAS DE ESTEIRO	MUROS	04/03/2021	18/02/2021
LUGO					
3	LUGO	FESTAS DE SAN FROILÁN	LUGO	15/06/2006	16/05/2006
4	BURELA	FEIRA DO BONITO DE BURELA	BURELA	16/07/2019	26/06/2019
OURENSE					
5	RIBADAVIA	FESTA DA ISTORIA	RIBADAVIA	26/09/1997	22/07/1997
6	VERÍN	ENTROIDO DE VERÍN	VERÍN	20/04/2009	01/04/2009
PONTEVEDRA					

7	O GROVE	FESTA DA EXALTACIÓN DO MARISCO	O GROVE	18/04/2013	25/03/2013
8	VILAGARCÍA DE AROUSA	FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE	VILAGARCÍA DE AROUSA	30/06/2006	06/06/2006
9	VIGO	FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO	VIGO	11/07/2019	30/07/2019

Anexo III Festas Galegas de Interese Turístico

	PROVINCIA	CONCELLO	NOME	LOCALIZACIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG/BOE	DATA DECLARACIÓN
	A CORUÑA					
1		A LARACHA	ROMARÍA DE NOSA SEÑORA DOS MILAGRES DE CAIÓN	CAIÓN	30/10/2008	
2		A LARACHA	FESTA DAS CEREIXAS DE PAIOSACO	PAIOSACO	20/06/2014	13/06/2014
3		A POBRA DO CARAMIÑAL	FESTA DE XESÚS O NAZARENO- FESTA DAS MORTALLAS	A POBRA DO CARAMIÑAL	03/03/2000	
4		ARES	FESTA DO CORPUS CHRISTI DAS ALFOMBRAS FLORAIS DE ARES	ARES	19/05/2011	03/05/2011
5		ARZÚA	FESTA DO QUEIXO	ARZÚA	09/07/1999	
6		AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	ROMARÍA DA FRAGA	AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	15/06/2001	
7		BETANZOS	FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE	BETANZOS		1998
8		BETANZOS	FEIRA FRANCA	BETANZOS	12/12/2013	02/12/2013
9		BETANZOS	SEMANA SANTA	BETANZOS	15/06/2017	23/06/2017
10		BOIRO	SAN RAMÓN DE BEALO	BEALO (BOIRO)	11/05/2007	
11		BOQUEIXÓN	FESTA DA FILLOA DE LESTEDO	LESTEDO	25/02/2008	
12		CABANA DE BERGANTIÑOS	FESTA DE SAN FINS DE CASTRO	CESULLAS (CABANA)	21/11/2007	
13		CAMARIÑAS	MOSTRA DO ENCAIXE DE PALILLOS	CAMARIÑAS	09/07/1999	
14		FERROL	FESTA DAS PEPITAS	FERROL	02/10/2013	23/09/2013

15	FISTERRA	FESTAS DO SANTÍSIMO CRISTO DE FISTERRA	FISTERRA		1998
16	LAXE	SIMULACRO DO NAUFRAXIO DE LAXE	LAXE	26/07/2013	17/07/2013
17	MALPICA DE BERGANTIÑOS	MOSTRA DA OLARÍA DE BUÑO	BUÑO(MALPICA DE BERGANTIÑOS)	18/08/2000	
18	MALPICA DE BERGANTIÑOS	ROMARÍA DE SANTO HADRIÁN	MALPICA	05/12/2008	
19	MELIDE	FESTA DO MELINDRE E DA REPOSTERÍA TRADICIONAL DA TERRA DE MELIDE	MELIDE	24/05/2013	16/05/2013
20	MUGARDOS	FESTA DO POLBO DE MUGARDOS	MUGARDOS	14/07/2009	
21	NARON	OENACH ATLÁNTICO	FEIRA DO TRECE (SEDES)	13/06/2014	06/06/2014
22	NEDA	FESTA DO PAN DE NEDA	NEDA	26/07/2013	17/07/2013
23	O PINO	FESTA DO GALO PIÑEIRO E MOSTRA CABALAR	O PINO	16/12/2010	26/11/2010
24	OROSO	FESTA DA TROITA DE OROSO	OROSO	14/07/2009	
25	PADRÓN	FESTA DO PEMENTO DE HERBÓN	HERBÓN (PADRÓN)	31/10/2001	
26	PONTECESO	FESTA DO PERCEBE DO RONCUDO	CORME	23/07/2014	14/07/2014
27	RIANXO	FESTIVIDADE DA VIRXE DE GUADALUPE	RIANXO	19/05/2000	
28	RIBEIRA	FESTA DA DORNA	RIBEIRA	08/07/2005	
29	SADA	FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE	SADA		1998
30	VALDOVIÑO	PANTIN CLASSIC GALICIA PRO	VALDOVIÑO	02/06/2016	24/05/2016
31	VIMIANZO	FAGUÍA DE CARNÉS	VIMIANZO	16/12/2010	26/11/2010



32	VILA DE CRUCES, SILLED A ESTRADA(PONTE VEDRA) E BOQUEIXÓN, TEO, OTURO,VEDRA E SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)	ENTROIDO DOS XENERAIS- ENTROIDO DA ULLA		02/10/2013	23/09/2013
33	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SEMANA SANTA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	28/05/2018	09/05/2018
34	ZAS	FESTA DA CARBALLEIRA	ZAS	12/03/2020	27/02/2020
35	PADRÓN	FESTA DA PASCUA	PADRÓN	13/04/2022	08/04/2022
36	VIMIANZO	ASALTOA AO CASTELO	VIMIANZO	07/06/2020	15/03/2022
37	RIBEIRA	FESTA DO PERCEBE	AGUIÑO	07/06/2022	15/03/2022
38	CORISTANCO	FESTA DA PATACA	CORISTANCO	07/10/2022	15/09/2022

LUGO					
1	A PONTENOVA	FESTA DA TROITA DA PONTENOVA	A PONTENOVA	09/07/1999	
2	BARREIROS	FESTIVAL INTERNACIONAL DO EMIGRANTE	SAN MIGUEL DE REINANTE	14/05/2007	
3	BEGONTE	BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE	BEGONTE	04/11/2014	27/10/2014
4	CERVO	FESTA DA MARUXAINA DE SAN CIBRAO	SAN CIBRAO (CERVO)	185/02/2003	
5	CERVO	FESTA DO OURIZO DE CERVO	CERVO	25/04/2008	
6	CERVO	QUEIMADA POPULAR DE CERVO	CERVO	12/03/2001	
7	CHANTADA	FOLIÓN DE CARROS	CHANTADA	11/06/2002	
8	COSPEITO	FESTA DA FILLOA DE MUIMENTA	MUIMENTA	25/04/2008	
9	FOLGOSO DO COUREL	FILANDON DE MÚSICAS DO COUREL	FOLGOSO DO COUREL	09/09/2010	09/08/2010
10	FOLGOSO DO COUREL	FESTA DA CASTAÑA	FOLGOSO DO COUREL	02/10/2013	23/09/2013
11	FOZ	FESTAS PATRONAIS DE SAN LORENZO	FOZ		1998
12	GUITIRIZ	FESTIVAL DE PARDIÑAS	PARDIÑAS	05/12/2008	
13	LOURENZÁ	FESTA DA FABA DE LOURENZÁ	LOURENZÁ	12/03/2001	
14	LUGO	OFRENDA DO REINO DE GALICIA AO SANTÍSIMO SACRAMENTO DE LUGO	LUGO	19/05/2000	
15	MEIRA	FESTA DA MALLA	MEIRA	20/06/2006	
16	MONDOÑEDO	AS SAN LUCAS	MONDOÑEDO		1998
17	MONDOÑEDO	SEMANA SANTA	MONDOÑEDO	08/11/2017	2017
18	MONDOÑEDO	MERCADO MEDIEVAL	MONDOÑEDO	08/11/2017	2017

19	MONTERROSO	FEIRA DOS SANTOS DE MONTERROSO	MONTERROSO	19/05/2001	03/05/2011
20	PEDRAFITA DO CEBREIRO	FEIRA DO QUEIXO DO CEBREIRO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	18/03/2016	11/03/2016
21	QUIROGA	MOSTRA DO ACEITE DE QUIROGA	QUIROGA	31/05/2013	24/05/2013
22	RIBADEO	DÍA DA GAITA E ROMARÍA A SANTA CRUZ	RIBADEO		1998
23	SOBER	FEIRA DO VIÑO DE AMANDI DE SOBER	SOBER	03/01/2000	
24	TABOADA	FESTA DA FACHAS DE CASTELO	CASTELO	04/12/2008	
25	VIVEIRO	A RAPA DAS BESTAS DE VIVEIRO	VIVEIRO		1998
26	VIVEIRO	ROMARÍA DO NASEIRO	VIVEIRO		1998
27	VIVEIRO	FESTA DA PESCADA DO PINCHO DE CELEIRO	CELEIRO	25/06/2013	17/06/2013
28	A FONSAGRADA	FESTA DO BUTELO	A FONSAGRADA	28/05/2018	09/05/2018
29	RIBADEO	ROMAXE DAS CRUCES	ARANTE (RIBADEO)	05/04/2019	29/03/2019
30	MURAS	FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE	MURAS	05/04/2019	29/03/2019
31	LUGO	SEMANA SANTA DE LUGO	LUGO	05/04/2019	29/03/2019
32	LÁNCARA	FEIRA DA TENREIRA GALEGA	LÁNCARA	12/03/2020	27/02/2020
33	PANTÓN	FEIRA DO VIÑO DE PANTÓN	PANTÓN	03/05/2022	15/03/2022
34	FRIOL	FEIRA DO QUEIXO E DO PAN	FRIOL	03/05/2022	15/03/2022
35	FOZ	ENTROIDO	FOZ	14/04/2023	30/03/2023
36	XOVE	ROMARÍA DO SANTO ANTONIO VENTUREIRO DA RIGUEIRA	XOVE	14/06/2023	01/06/2023

OURENSE					
1	A ARNOIA	FESTA DO PEMENTO DE ARONIA	A ARNOIA	31/10/2001	
2	ALLARIZ	FESTA DO BOI	ALLARIZ	20/06/2006	
3	BANDE	FESTA DO PEIXE	BANDE	31/05/2013	24/05/2013
4	CELANOVA	ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME DE VILANOVA	CELANOVA	10/04/2012	
5	LAZA	ENTROIDO DE LAZA	LAZA	26/12/2000	
6	MACEDA	ENTROIDO	MACEDA	04/11/2014	27/10/2014
7	MANZANEDA	FOLIÓN TRADICIONAL DO ENTROIDO DE MANZANEDA	MANZANEDA	11/03/2008	
8	MONTERREI	XUNTANZA INTERNACIONAL DE GAITEIROS DE MONTERREI	MONTERREI	18/03/2016	11/03/2016
9	O BARCO DE VALDEORRAS	A FESTA DO BOTELO	O BARCO DE VALDEORRAS	04/11/2014	27/10/2014
10	OÍMBRA	FEIRA DO PEMENTO DE OÍMBRA	OÍMBRA	14/09/2009	
11	OURENSE	FESTA DO MAGOSTO	OURENSE	04/12/2008	
12	OURENSE	FESTA DOS MAIOS	OURENSE	31/10/2001	
13	RAIRÍZ DE VEIGA	ROMARÍA DA SAÍNZA	A SAÍNZA (RAIRÍZ DE VEIGA)	23/01/2001	
14	RIBADAVIA	EXPOSICIÓN E EXALTACIÓN DO VIÑO DO RIBEIRO			1998
15	RIÓS	FESTA DA CASTAÑA E DO COGOMELO	RIÓS	24/10/2008	

16	SAN CRISTOVO DE CEA	FESTA DA EXALTACIÓN DO PAN DE CEA	SAN CRISTOVO DE CEA	07/09/2010	09/08/2010
17	VIANA DO BOLO	FESTA DA ANDROLLA E O ENTROIDO	VIANA DO BOLO	09/07/1999	
18	VILARIÑO DE CONSO	ENTROIDO DE VILARIÑO DE CONSO	VILARIÑO DE CONSO	18/03/2016	11/03/2016
19	CASTRO CALDELAS	FESTA DOS FACHÓS	CASTRO CALDELAS	12/03/2020	27/02/2020
20	LEIRO	FESTA DA VENDIMA	LEIRO	12/03/2020	27/02/2020
21	MUÍÑOS	FESTA DAS SOPAS DE BURRO CANSO	MUGUEIMES	07/06/2022	15/03/2022
22	POBRA DE TRIVES	FESTA DA BICA	POBRA DE TRIVES	07/06/2022	15/03/2022

	PONTEVEDRA				
1	A CAÑIZA	ROMARÍAS DA VIXE DA FRANQUEIRA	A FRANQUEIRA	09/07/1999	
2	A CAÑIZA	FEIRA DO XAMÓN DA CAÑIZA	A CAÑIZA	26/07/2013	17/07/2013
3	A GUARDA	FESTA DO MONTE	A GUARDA	15/07/2009	
4	A GUARDA	FESTA DA LANGOSTA E DA COCIÑA MARIÑEIRA	A GUARDA	13/06/2014	06/06/2014
5	AS NEVES	FEIRA DO REQUEIXO E DO MEL	AS NEVES	31/05/2013	24/05/2013
6	BUEU	ENCONTRO DEGUSTACIÓN DO MILLO CORVO	MEIRO (BUEU)	15/07/2009	
7	BUEU	ALFOMBRAS FLORAIS	BUEU	23/06/2017	15/06/2017
8	CAMBADOS	FESTA DA VIEIRA	CAMBADOS	12/12/2013	02/12/2013
9	CANGAS	DANZAS ANCESTRAIS SAN ROQUE DO HÍO	O HÍO(CANGAS)	08/07/2005	
		DANZAS ANCESTRAIS DANZA E CONTRADANZA DE DARBO	DARBO (CANGAS)	08/07/2005	
		DANZAS ANCESTRAIS SAN SEBASTIÁN DE ALDÁN	ALDÁN (CANGAS)	08/07/2005	
10	CANGAS	SEMANA SANTA DE CANGAS	CANGAS	29/11/2002	
11	CUNTIS	FESTA DO LACÓN CON GRELOS	CUNTIS	16/12/2010	06/11/2010
12	A ESTRADA	FESTA DO SALMÓN	A ESTRADA	24/05/2013	16/05/2013
13	FORCAREI	FESTA DO GAITEIRO DE SOUTELO DE MONTES	FORCAREI	16/12/2010	26/11/2010
14	MARÍN	FESTA DA SAN MIGUEL E DANZA DAS ESPADAS	MARÍN	16/12/2010	26/11/2010
15	MEIS	SEMANA SANTA DE SANTA MARÍA DE PARADELA	PARADELA	07/09/2010	09/08/2010

16	MOAÑA	FESTA DO SAN MARTIÑO	MOAÑA	13/11/2013	05/11/2013
17	MORAÑA	FESTA DO CARNEIRO AO ESPETO	MORAÑA	22/07/2002	
18	MOS	FESTA DA ROSA	MOS	20/06/2014	13/06/2014
19	PONTE CALDELAS	FESTA DA TROITA DE PONTE CALDELAS	PONTE CALDELAS	29/06/2001	
20	PONTEVEDRA	FESTA DE SAN BENITIÑO DE LÉREZ	PONTEVEDRA	02/10/1998	
21	PONTEVEDRA	FEIRA FRANCA	PONTEVEDRA	25/06/2013	17/06/2013
22	REDONDELA	FESTA DO CORPUS CHRISTI(COS EVENTOS CELEBRATIVOS DA COCA, AS PENLAS E A DANZA DE ESPADAS)	REDONDELA	15/05/2001	
23	REDONDELA	FESTA DO CHOCO	REDONDELA	24/05/2013	16/05/2013
24	ROSAL (O)	FEIRA DO VIÑO DO ROSAL	ROSAL (O)	18/03/2016	11/03/2016
25	SALVATERRA DO MIÑO	FESTA DO VIÑO DO CONDADO	SALVATERRA DO MIÑO	18/03/2016	11/03/2016
26	SILLEDA	FESTA DA EMPANADA DE BANDEIRA	BANDEIRA (SILLEDA)	09/07/1999	
27	SILLEDA	ROMARÍA DA TORTILLA DE LARO	SILLEDA	25/06/2013	17/06/2013
28	SOUTOMAIOR	FESTA DA OSTRAS DE ARCADE	ARCADE (SOUTOMAIOR)	31/05/2002	
29	TUI	FESTAS PATRONAIS DE SAN TELMO	TUI	16/04/2003	
30	TUI	DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO	TUI	08/11/2017	2017
31	VALGA	BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO	VALGA	13/11/2013	05/11/2013
32	VALGA	FESTA DA ANGUÍA E MOSTRA DA CAÑA DO PAÍS	VALGA	12/12/2013	02/12/2013
33	VIGO	FESTA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS	BOUZAS (VIGO)	29/04/2004	

34	VILA DE CRUCES	FESTA GASTRONÓMICA DO GALO DE CURRAL DE VILA DE CRUCES	VILA DE CRUCES	19/05/2011	03/05/2011
35	VILABOA	ENTROIDO DE COBRES	COBRES (VILABOA)	09/07/1999	
36	VILAGARCÍA DE AROUSA	FESTA DA AMEIXA DE CARRIL	CARRIL	13/06/2014	06/06/2014
37	VILANOVA DE AROUSA	FESTA DO MEXILÓN E DO BERBERECHO	VILANOVA DE AROUSA	29/07/2014	18/07/2014
38	MOURENTE (CONCELLO DE PONTEVEDRA)	FESTA DO CALDO GALEGO	PONTEVEDRA, PARROQUIA DE MOURENTE	28/05/2018	09/05/2018
39	VIGO	FESTA DO SAN BRAIS	BEMBRIBE (VIGO)	08/04/2019	29/03/2019
40	AS NEVES	ROMARÍA DE SANTA MARTA DE RIBARTEME	AS NEVES	12/03/2020	27/02/2020
41	LALÍN	ROMARÍA DO CORPIÑO	LALÍN	12/03/2020	27/02/2020
42	ARBO	FESTA DA LAMPREA SECA	ARBO	03/05/2022	15/03/2022
43	LALÍN	FESTA DA MALLA TRADICIONAL DE LALÍN	LALÍN	03/05/2022	15/03/2022
44	MARÍN	FESTA DO ENTERRRO DA SARDIÑA	MARÍN	14/04/2023	30/03/2023